



Existen responsabilidades políticas na non-xestión das inundacións en Cuntis

A rúa Bernardo Sagasta, meses despois da súa inauguración, foi pechada ao tráfico, o recén construído “tanque de tormentas” foi completamente anegado e o Gallo volveulle demostrar ao PP cales son en Cuntis as “zonas inundables”.

En Cuntis vivimos outra xornada de tensión pendentes do río, con numerosos veciños e veciñas temendo polas súas vivendas e negocios en varias zonas do centro da vila. Xa vén sendo habitual ter que estar atentos/as ao Gallo e aos seus regatos agardando que a choiva non cause estragos maiores. O que resulta indignante é ver como o paso dos anos e as sucesivas intervencións e gastos millonarios non solucionan en absoluto un dos grandes problemas (e ameazas) de Cuntis en tempos de inverno. Identificamos principalmente tres zonas conflictivas arredor do Río Gallo, sen esquecer aqueles puntos do rural tamén ameazados nestas condicións.

- Poucos meses despois de inaugurar a obra estrela da lexislatura de Antonio Pena, **a reforma da rúa Bernardo Sagasta**, as primeiras choivas intensas deixan ao descuberto unha impresentable deficiencia que non só incumpre o prometido, senón que agrava o principal problema daquela zona. A chapuza, que custou case medio millón de euros, non desauga e provoca o anegamento de vivendas e locais comerciais. **No día de hoxe, a rúa Bernardo Sagasta permeneceu cortada ao tráfico pola mañá.** O aval da Conselleira Ethel Vázquez (febreiro de 2015) non foi máis que a constatación da incapacidade do Partido Popular a todos os niveis.
- O saneamento foi o produto estrela que nos vendeu o anterior goberno. Entre as grandes actuacións destacaba a construción dun “tanque de tormentas” (?) nas inmediacións da depuradora de Meira. **Esta mañá a auga asolagaba o devandito tanque, que alguén considerou oportuno situalo nunha zona obviamente inundable.**
- E por último, xa á saída do casco urbano en dirección sur (cara a Caldas), o Gallo volveu desbordar asolagando as beiras que comparte coa N-640. Son imaxes que se repiten periodicamente e que son provocadas, ademais de polos factores naturais, pola man do home. É absurdo **atoar con canalizacións ridículas os cauces fluviais (neste caso, a confluencia do regato de Trasponte co propio río Gallo).** No recente Proxecto do Plan de Xestións do Risco de Inundacións, Augas de Galicia exclúe das zonas consideradas 'inundables' exactamente esa zona, e ademais rexeita as alegacións que foron presentadas tanto na pasada lexislatura pola oposición como nesta polo Goberno. Todo ante a pasividade cómplice dun PP local indiferente ante un dos maiores problemas que presenta o centro da vila.



Veciñanza esixirá no próximo pleno explicacións e responsabilidades a quen corresponda, demandará do actual grupo de Goberno actuacións ao respecto e, no seu caso, contundencia tamén á hora de pedir esas responsabilidades. Se ben é certo que fronte ás condicións climatolóxicas non se pode facer nada, o que resulta impresentable é que se desbalden cartos públicos en actuacións que ademais de non solucionar problema ningún, agravan os xa coñecidos. Veciños e veciñas de Cuntis seguimos condenados a quedar pendentes do ceo pola incompetencia dos sucesivos gobernos que vimos padecendo nas últimas décadas.

Cuntis, 7 de xaneiro de 2016